



CONCELLO DE MUROS

Curro da Praza, 1  
15250 Muros  
A Coruña  
Tfno.: 981 826 050  
correo@muros.gal  
www.muros.gal

## **CONVOCATORIA DAS BOLSAS PARA DEPORTISTAS DO CONCELLO DE MUROS DURANTE O ANO 2026.**

### **Primeiro. Beneficiarios.**

Poderán ser beneficiarios desta convocatoria os deportistas individuais residentes no Concello de Muros que practiquen deportes olímpicos ou disciplinas recoñecidas polo Comité Olímpico Internacional e cumpran os requisitos establecidos nas bases reguladoras.

### **Segundo. Obxecto.**

O obxecto deste programa é apoiar a práctica e o rendemento deportivo, fomentando o perfeccionamento técnico dos deportistas e facilitando a súa participación en eventos deportivos oficiais.

### **Terceiro. Bases reguladoras.**

A presente convocatoria rexerese polas Bases Reguladoras xerais aprobadas polo Concello de Muros, dispoñibles na súa páxina web ([www.muros.gal](http://www.muros.gal)) e no taboleiro de anuncios do Concello.

### **Cuarto. Contía.**

A contía máxima da bolsa será de 500,00 € por deportista, podendo financiar entre o 20% e o 80% dos gastos subvencionables.

### **Quinto. Prazo de presentación de solicitudes.**

O prazo de presentación das solicitudes será dun mes a partir da data de publicación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia da Coruña.

### **Sexto. Outros datos de interese.**

As solicitudes deberán presentarse de xeito telemático a través da sede electrónica do Concello de Muros ([sede.muros.gal](http://sede.muros.gal)). A documentación requirida e o procedemento de tramitación están detallados nas bases reguladoras xerais que foron publicadas no BOP do luns, 21 de abril de 2025 (BOP número 74).